



ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO TEATRO PRINCIPAL

Artigo 1. Fundamento

O Concello da Estrada establece un prezo público pola prestación de servicios no Teatro Principal, da súa titularidade, consistentes en representacións artísticas e actuacións culturais de todo tipo, incluída a cesión do local a outras entidades, todo iso ó abeiro do regulado nos artigos 41 a 48, e concordantes, da Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais e doutras normas de xeral aplicación, especialmente da Lei 8/89, de Taxas e Prezos Públicos, da 230/1963, Xeral Tributaria, da Lei 1/1998, de Dereitos e Garantías do Contribuínte e do Regulamento Xeral de Recadación (R. Decreto 1684/1990 do 20 de decembro).

Artigo 2. Obrigados ó pagamento

1. Estarán obrigadas ó pagamento do prezo público regulado nestas normas, as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien das actividades desenvolvidas no referido Establecemento, ben pola asistencia a representacións ou actuacións que se celebren no mesmo, ben pola cesión do local.
2. Para asistir as representacións ou actuacións ou para dispoñer do uso do local, os interesados terán a posibilidade de proveerse dos bonos, entradas ou autorizacións correspondentes mediante o procedemento previsto nestas normas.

Artigo 3. Fixación da contía

O prezo público esixirase segundo as contías que se establecen nas seguintes tarifas:

A) TARIFA XERAL

Por asistencia a representacións de todo tipo, a contía do prezo público por entrada e butaca ou localidade fíxase, por resolución motivada da Comisión de Goberno, en función do custo da actividade programada.

B) TARIFAS ESPECIAIS

- B.1 Para representacións ou actuacións: Por Resolución motivada da Alcaldía, poderán declararse certas representacións ou actuacións de interese popular ou social, establecendo unha entrada gratuíta cando a actividade sexa subvencionada ó 100 % por outra Administración ou entidade colaboradora.
- B.2 Por cesión de uso do local: Mediante contrato tipo que se estableza, poderá cederse o uso do local pola Alcaldía previo pagamento da cantidade de 300,51 euros que podería ser incrementada cun 25 % da cantidade que se obteña cando a arrendatario cobre a entrada no local.
- B.3 Por acordo motivado da Comisión de Goberno, poderá autorizarse a cesión

gratuita do uso do local do Teatro Principal a colectivos sociais, grupos municipais e asociación sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro do Concello e centros de ensino. En todo caso deberán prestar unha fianza por importe de 150,25 euros, para responder do bo uso do local, que será devolta de non producirse danos nas instalacións. Estarán exentos da fianza as entidades e estamentos dependentes de Organismos Públicos sempre que nos contratos se faga constar que os colectivos serán responsables de tódolos danos que se poidan causar.

Artigo 4. Xestión e cobramento de prezo público

1. A xestión e cobramento do prezo público levarase directamente polo Concello, a partir dos correspondentes bonos ou entradas.
2. Unha vez confeccionados os talonarios de bonos ou entradas, con matriz, e trala súa entrega á Intervención do Concello, esta procederá a selar tódalas follas sobre a zona taladrada, abarcando, por metade, o pase, bono ou entrada e a matriz; nestas condicións, a Intervención emitirá documento contable polo importe nominal dos talonarios, imputándoo á conta non presupostaria de orde para control deste tipo de documentos, e entregará aqueles á Tesourería para a súa custodia e administración.
3. Os talonarios terán números correlativos, o mesmo que os bonos ou entradas, nos que tamén poderá figurar un número que inclúa de forma ostensible o do talonario a que pertenza. Para facilita-la xestión e recadación do prezo público, os talonarios poderán conter un número variable de bonos ou entradas.
4. A Tesourería formulará cargos ós encargados do despacho o venda dos bonos ou entradas, e a súa saída contabilizarase, ben no momento da entrega dos talonarios, ben simultaneamente ós ingresos da recadación.

Artigo 5. Devolución de ingresos indebidos

Cando, por causas alleas ós adquirintes dos bonos ou entradas, non se desenvolvan as representacións ou actuacións a que dean dereito, procederase á devolución do importe satisfeito contra a presentación do correspondente bono ou entrada, na data ou datas que se determinen.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 08.10.1999	BOP 27.12.1999